



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES**  
**(ACTA NÚMERO 21)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **nove de xuño de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/ as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona Mayra García Bermúdez.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOUS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de xuño de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO FESTIVAL DE MÚSICA *RESURRECTION FEST 2023*.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación de data 01.06.2023 con CSV: IV706KHZLJM7736IYMGWNZQFN4, na que se recolle os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes:*

1. Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7BE7Q5PNXTRSZYAYMCLQWN4.

2. Memoria xustificativa do contrato e necesidade da contratación, con CSV: IV7BGABCJTUO3DR6YVGWMPYRGY.

3. Informe de retorno económico con CSV: IV7BGALCLQUSXCUJSYODIMJTOE.

4. Informe de insuficiencia de medios, con CSV: IV7BGAB3H745VH4T4IPNJYCXGQ.

5. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7BGABCDB74KWONW5WVD4SS7Y.



6. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BGH2KIDZYYVNISJH4N73ACE.

7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7OUTZLLIJC5KXTCZ6S64DFEM.

8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7OUTZJNE6ZVNI6U5VB4L3A4Q.

9. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7OUX3OIBE62VHZQ74XIAYSMT.

10. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7OUXZOFF5IL6XI65O4GE7GIE.

11. Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de marzo de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7OUGJTLJ64SWX5SQPR4Q7COE.

12. Acta da Mesa de Contratación do día 18 de abril de 2023, con CSVIV7OXSHSEH7ZUTNDU7XMC5KU4U que recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta foi Old Navy Port Producciones, S.L.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa presentada polo licitador, consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación avaliáveis de forma automática-Fase 1, resultando que oferta unha porcentaxe de baixada sobre o orzamento base de licitación dun 0 %.

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo, no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación.”

13. Acta da Mesa de Contratación do día 28 de abril de 2023, con CSV: IV7OQIBPLJ656XOYSRITMZBU4I, que recolle o seguinte:

“Deuse conta que na Mesa celebrada o día 18 de abril do 2023, acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Acto seguido procédese á apertura da oferta que o licitador Old Navy Port Producciones, S.L. presentou en prazo resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

Comprométese a facilitar á Deputación de Lugo 20 pases VIP.

Comprométese á impresión e instalación dunha zona de descanso en zona non preferente con imaxes promocionais da provincia de Lugo, facilitadas pola Deputación (tamaño aproximado 10-15 m2)

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

Requirir á empresa Old Navy Port Producciones, S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non



cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
123.966,94 € euros	6.198,35 euros

(...)"

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente, dentro do prazo concedido a tales efectos. Incorpórase ao expediente certificado emitido polo Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo de non ter débedas pendentes, carta de pago da garantía depositada e aos efectos de acreditar a solvencia económica, incorpórase de oficio as contas anuais do ano 2020, aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, xa que consta esta documentación incorporada nun expediente de contratación de esta Deputación.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Old Navy Port Producciones, S.L a contratación do Patrocinio do Festival de música *Resurrection Fest 2023*, por un importe de 123.966,94 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 26.033,06 €, o que fai un total de 150.000,00 €. A empresa adxudicataria oferta sen custo para a administración contratante:

Oferta 20 (veinte) pases vip para os días de duración do Resurrection Fest 2023.

Comprométese á impresión e instalación dunha zona de descanso en zona non preferente con imaxes promocionais da provincia de lugo facilitadas pola Deputación. Tamaño aproximado 10-15 m2.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Old Navy Port Producciones, S.L a contratación do Patrocinio do festival de música *Resurrection Fest 2023*, por un importe de 123.966,94 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 26.033,06 €, o que fai un total de 150.000,00 €. A empresa adxudicataria oferta sen custo para a administración contratante:

20 pases VIP.

Impresión e instalación dunha zona de descanso en zona non preferente con imaxes promocionais da provincia de Lugo, facilitadas pola Deputación (tamaño aproximado 10-15 m2)

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar ao interesado a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.



4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

**Primeiro.-** *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1911 “Mesón Novo (LU-703) – O Ventorrillo – Chao de Vaga (LU-P-4606), P.K. 0+000 a 4+345 e 6+073 a 6+822.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 31/05/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

*Antecedentes.*

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BY6T6Z5G2UWHTW7UH75IQME<sup>1</sup>.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7BY7QOZYWKLC6OCD4SC43FCE.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BYHJY3AG5WX67SRPGIXSDIU.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BYHJ6BVX5JPECWXVCOAXAOM.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BYKQ23TXCX7ECCVGQMADEU.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 24/02/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7B22ZKIFUPVLBPSJASKBCHIE.

8. Publicación, o día 24/02/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 23/03/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7BGH3MOBZTZOFJWXVCAM2HIY, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.

Unha vez abertos os arquivos relativos a “oferta técnica” remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7OSWC2BY55US7K4FNSH3Q6F4, reunida en acto público con data 03/05/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
DESARROLLOS Y METAS SL	4,50
GRUPO BASCUAS 2008 SL	12,00
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	15,75

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:





# DEPUTACIÓN DE LUGO

A FONSAGRADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1911 "MESÓN NOVO (LU-703) – O VENTORRILLO – CHAO DE VAGA (LU-P-4606), P.K. 0+000 A 4+345 E 6+073 A 6+822

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

311.074,76	
257.086,58	53.988,18

VALOR ESTIMADO

IVE. PARTIDA INDEPEND

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

2 MESES

MAX  
5.141,73 €

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPEATE Plantel / Discapacitados
			PREZO ( IVE incluído - art 102 ) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	
1	DESARROLLOS Y METAS SL		295.995,46 €	0	SI	300,00	33/0
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL		304.542,19 €	0	SI	0,00	108/3
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		304.852,24 €	20	SI	40,00	60/1

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)		TOTAL
	PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (20)		
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	CUNETA REVESTIDA	PTOS	SI/NO	PTOS	MAXIMO 2% V.E.	5.141,73 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO	PTOS	
1	DESARROLLOS Y METAS SL	295.995,46 €	60,00	0,00	0,00	SI	5,00	300,00	5,00	4,50	74,50
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL	304.542,19 €	25,99	0,00	0,00	SI	5,00	0,00	0,00	12,00	42,99
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	304.852,24 €	24,76	20,00	10,00	SI	5,00	40,00	0,67	15,75	56,18

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	DESARROLLOS Y METAS SL	295.995,46 €
2	GRUPO BASCUAS 2008 SL	304.542,19 €
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	304.852,24 €

MEDIA 301.796,63
---------------------

BAIXA DESPROPORCIONADA 271.616,97
--------------------------------------

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	DESARROLLOS Y METAS SL	74,50
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	56,18
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL	42,99

b) Requirir á mercantil Desarrollos y Metas SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 12.231,22 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 08/05/2023, con CSV: IV7OSHL72AEITLJZAZFSJYYR4A, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Desarrollos y Metas SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 09/05/2023, rematando o prazo de presentación o día 24/05/2023. A mercantil Desarrollos y Metas SL, presentou a documentación requirida o 22/05/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 31/05/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase



que a empresa Desenvollos y Metas SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Desenvollos y Metas SL con C.I.F. B-70427505 representada por D. Ignacio Martínez Pérez con DNI \*\*\*7985\*\*, a contratación da obra denominada A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1911 “Mesón Novo (LU-703) – O Ventorrillo – Chao de Vaga (LU-P-4606), P.K. 0+000 a 4+345 e 6+073 a 6+822, nos termos seguintes:

Prezo de 295.995,46 €, dos cales 51.371,11€ corresponden ao IVE (21%).

Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 300,00€ mais IVE.

Prazo de execución 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Desarrollos y Metas SL con C.I.F. B-70427505 representada por D. Ignacio Martínez Pérez con DNI \*\*\*7985\*\*, a contratación da obra denominada A FONSAGRADA.- Rehabilitación de firme LU-P-1911 “Mesón Novo (LU-703) – O Ventorrillo – Chao de Vaga (LU-P-4606), P.K. 0+000 a 4+345 e 6+073 a 6+822, nos termos seguintes:

- a. Prezo de 295.995,46 €, dos cales 51.371,11€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 300,00€ mais IVE.
- d. Prazo de execución 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das



obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: LUGO.- Renovación dos revestimentos interiores do “Paciño” – Edificio anexo ao Pazo dos Deportes.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 31/05/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

*Antecedentes.*

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BEMCYNB73T6NTUZHCCZXXGI<sup>2</sup>.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas, con CSV: IV7BYHJNFNPMZJNLUP7DEPZWCM.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7BE7HCJZBS3KXK5VAEAMQ6H4.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BFTX7DNWOJKO4DQHEO4ZWKA.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BFTX43ZEPJVEYSJ4HB5PEPY.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BFXJKLNBLV2R56ENSMF7VDY.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 17/03/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BGTHOEA76WVEYBR7WEB2RCU.

8. Publicación, o día 17/03/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 18/04/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7OXSLZPBOJWXTVVBYR64E, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.

---

<sup>2</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Unha vez abertos os arquivos relativos a “oferta técnica” remitiuse ao Servizo de Arquitectura para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7OSULOLMF3LKB4AUFAGITOCY, reunida en acto público con data 28/04/2023, dando conta do informe do Servizo de Arquitectura, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

CALFENSA PROYECTOS SL	10 ptos
CONSTRU-ROMESAR SL	EXCLUÍDA POR INCUMPRIMIENTO DAS PRESCRIPCIÓN MINIMAS ESTABLECIDAS NOS PREGOS
SOTEGA NOROESTE SL	EXCLUÍDA POR INCUMPRIMIENTO DAS PRESCRIPCIÓN MINIMAS ESTABLECIDAS NOS PREGOS

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, e procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (90)											XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (10)	TOTAL
	PREZO (50)		MELLORAS (...) (10)		MELLORAS -15		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5) OU 3 ANOS 10 PTO		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (10)		
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	ESPESOR (3,7 - 3,99) OU 4,00 (5 ou 10 ptos)		CERT FIBA (SI-NO) ACHEGAR		2 ANOS OU 3 ANOS (5 ou 10 ptos)		MAXIMO 2% V.E.	5.311,32 €	SÉGUNDO INFORME TÉCNICO		
			UNIDADES	PTOS	si / no	PTOS	2 ou 3	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS		
1 CALFENSA PROYECTOS SL	273.127,25 €	50,00	4,00	10,00	SI	15,00	3	10,00	5.311,32	5,00	10,00	100,00	
2 CONSTRU-ROMESAR SL	EXCLUÍDA POR INCUMPRIMIENTO DAS PRESCRIPCIÓN MINIMAS ESTABLECIDAS NOS PREGOS												
3 SOTEGA NOROESTE SL	EXCLUÍDA POR INCUMPRIMIENTO DAS PRESCRIPCIÓN MINIMAS ESTABLECIDAS NOS PREGOS												

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS	OFERTA
1 CALFENSA PROYECTOS SL	Oferta 273.127,25 €

BAIXA DESPROPORCIONADA 241.001,06
---

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Excluir as propostas presentadas polas mercantiles Constru-Romesar SL e Sotega Noroeste SL por incumprimento das prescricións mínimas da prestación a contratar ao verificarse incumprimento de prescricións técnicas determinantes que impiden alcanzar a finalidade da contratación, dando traslado ás mesmas.

b) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	CALFENSA PROYECTOS SL	100,00

c) Requirir á mercantil Calfensa Proyectos SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 11.286,25 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 09/05/2023, con CSV: IV7OSK2OJWLL5NSW5AS4ALRJY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse excluir as mercantiles Constru-Romesar SL e Sotega Noroeste SL, por incumprimento das prescricións mínimas da prestación e contratar ao verificarse incumprimento de prescricións





técnicas determinantes que impiden alcanzar a finalidade da contratación, dando traslado ás mesmas, e requirir á empresa Calfensa Proyectos SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 11/05/2023, rematando o prazo de presentación o día 26/05/2023.

Así mesmo, na mesma data foilles comunicado ás empresas Constru-Romesar SL e Sotega Noroeste SL acordo de exclusión.

A mercantil Calfensa Proyectos SL, presentou a documentación requirida o 24/05/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 31/05/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Calfensa Proyectos SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Calfensa Proyectos SL con C.I.F. B-27182682 representada por D. José Ramón Panete Fernández, con DNI \*\*\*2456\*\*, a contratación da obra denominada LUGO.- Renovación dos revestimentos interiores do “Paciño” – Edificio anexo ao Pazo dos Deportes nos termos seguintes:

Prezo de 273.127,25 €, dos cales 47.402,25€ corresponden ao IVE (21%).

Melloras de obra consistentes en un espesor mínimo de capa de uso de 4,00 mm, coas características indicadas no PCAP.

Acreditación de certificado FIBA level 1.

Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 5.311,32€ mais IVE.

Prazo de execución 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.



Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Excluir as propostas presentadas polas mercantiles Constru-Romesar SL e Sotega Noroeste SL por incumprimento das prescricións mínimas da prestación a contratar ao verificarse incumprimento de prescricións técnicas determinantes que impiden alcanzar a finalidade da contratación, dando traslado ás mesmas.

**2º.-** Adxudicar á empresa Calfensa Proyectos SL con C.I.F. B-27182682 representada por D. José Ramón Panete Fernández, con DNI \*\*\*2456\*\*, a contratación da obra denominada LUGO.- Renovación dos revestimentos interiores do “Paciño” – Edificio anexo ao Pazo dos Deportes nos termos seguintes:

- a. Prezo de 273.127,25 €, dos cales 47.402,25€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Melloras de obra consistentes en un espesor mínimo de capa de uso de 4,00 mm, coas características indicadas no PCAP.
- c. Acreditación de certificado FIBA level 1.
- d. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.
- e. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 5.311,32€ mais IVE.
- f. Prazo de execución 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; a achega o plan de seguridade, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

5º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

6º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2022.**

*Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSGRADA	73	ADECUACIÓN AVENIDA DE GALICIA, INCLUIDO HONORARIOS	18.585,70 €	86.375,03 €	104.960,73 €

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, a través de escrito de data 31/05/2023 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 73, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... quedar deserto o procedemento de adxudicación da obra...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSGRADA	73	MODIFICADO ADECUACION AVDA. DE GALICIA INCLUIDO HONORARIOS	18.585,70 €	86.375,03 €	104.960,73 €

6. A base 16, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”.

Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de A Fonsagrada que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, e en consecuencia, aprobar a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	73	MODIFICADO ADECUACION AVDA. DE GALICIA INCLUIDO HONORARIOS	18.585,70 €	86.375,03 €	104.960,73 €

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Proposta relativa á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución de fins comúns consistentes en: Desdoblamento e humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: glorieta 25 novembro – glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/ expropiación de terreos).*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Desdoblamento e humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: glorieta 25 novembro – glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos), que dispón o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 17/03/2023, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 novembro – Glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos), con un orzamento total de 1.641.385,28 euros.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 1.494.012,95€ euros, dos cales 10.000,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2023; 742.006,47€ con cargo á anualidade de 2024 e 742.006,48€ con cargo á anualidade de 2025”.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, para a Humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 novembro – Glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos) formalizouse o 30/03/2023.

Terceiro.- Pola Alcaldía do Concello de Lugo remitiuse escrito o 31/05/2023, con RE nº 2023RT010000 no que indica que con fundamento no artigo 194.1 da LOREG, relativa ás funcións dos membros das corporacións locais, unha vez rematado o seu mandato, os cesantes continuarán as súas funcións soamente para a administración ordinaria, polo que o Concello manifesta a imposibilidade de cumprir coa obriga establecida na cláusula 3 de convenio “Redactar o proxecto de expropiación dos terreos necesarios para a realización das obras e aprobación do mesmo, previsto inicialmente para antes do 31 de maio de 2023”.

*Consideracións xurídico-administrativas:*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.





“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación das certificacións de obra e facturas e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobadas na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as certificacións de obra e facturas relativas aos importes consignados para anualidade de 2023 deberán estar aprobadas na data límite do 31-12-2024 e efectuado o seu pagamento antes do 31 de xaneiro de 2025 e o consignado para 2024 deberán estar aprobadas na data límite do 31-12-2025 e efectuado o seu pagamento antes do 31 de xaneiro de 2026.”

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, para a realización conxunta, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Desdoblamento e humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 novembro – Glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos)” é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o convenio e o gasto.

*Conclusiones.*

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que se prevé no mesmo a súa modificación, que media a vontade de ambas partes e que non se alteran as condicións

esenciais do documento inicial, informase favorablemente a modificación nos termos da addenda de modificación do convenio incorporada ao expediente, e dicir modificando dita cláusula, de xeito que no relativo ás obrigas do concello, apartado b) quede: Redactar o proxecto de expropiación dos terreos necesarios para a realización das obras e aprobación do mesmo, previsto inicialmente para antes do 31 de agosto de 2023, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno:

Que se aprobe a addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Desdoblamento e humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: glorieta 25 novembro – glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos)” de tal xeito que se modifique a cláusula 3.b, quedando:

“(…)

b) Redactar o proxecto de expropiación dos terreos necesarios para a realización das obras e aprobación do mesmo, previsto inicialmente para antes do 31 de agosto de 2023.

(…)”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES\_03/012591) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte informe:

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 21 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023 por importe total de 157.808,55€ e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 126.246,84 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do concello de Pol; melloras de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizouse o 24 de abril de 2023.

Terceiro.- O alcalde do concello de Pol remitiu, o 5 de xuño de 2023 (2023RT010253) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde-Presidente do Concello de Pol (Lugo), en relación co Convenio Interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol”, aprobado en Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2023, solicito: Que en relación coa xustificación da achega económica do convenio sinalado, se permita a esta entidade, realizar xustificacións parciais das distintas actuacións enmarcadas dentro do citado convenio”.

*Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula cuarta.- Réxime económico.

“(…)

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Pol aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. (...)”

Na cláusula Sexta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Sétima.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do



documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do concello de Pol; melloras de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizado o 24 de abril de 2023 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

#### *Conclusiones.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo, que media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común) e que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a modificación solicitada polo representante do Concello de Pol nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol; melloras de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizado o 24 de abril de 2023 que quedaría redactado no seguinte senso:

*Modificación convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e*

*distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente en funcións da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde en funcións do Concello de Pol, con N.I.F P-2704600B e sede na Praza de Galicia, 1 Mosteiro, 27270, Pol, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 21 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023 por importe total de 157.808,55€ e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 126.246,84 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.



Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do concello de Pol; melloras de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol” ano 2023, formalizouse o 24 de abril de 2023.

Terceiro.- O alcalde do concello de Pol remitiu, o 5 de xuño de 2023 (2023RT010253) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde-Presidente do Concello de Pol (Lugo), en relación co Convenio Interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no “Abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios do Concello de Pol, mellora de accesos a Hermunde e instalación de videomarcador en campo de fútbol”, aprobado en xunta de goberno de data 21 de abril de 2023, solicito: Que en relación coa xustificación da achega económica do convenio sinalado, se permita a esta entidade, realizar xustificacións parciais das distintas actuacións enmarcadas dentro do citado convenio ”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente modificación do convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula cuarta que quedaría redactada no seguinte senso:

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“(…)

a) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Pol aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas parciais.

(...)"

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 24 de abril de 2023, esta modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.

O Presidente en funcións da Deputación de Lugo  
Asinado. José Tomé Roca

O Alcalde en funcións do Concello de Pol  
Asinado. Lino Rodríguez Ónega

O Secretario Xeral  
Asinado. José Antonio Mourelle Cillero

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na "Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do*





*campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES\_03/012592) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe.

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 28 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023 por importe total de 386.693,97 € e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 309.355,18 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizouse o 2 de maio de 2023.

Terceiro.- O alcalde do Concello de Pol remitiu, o 5 de xuño de 2023 (2023RT010254) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde-Presidente do Concello de Pol (Lugo), en relación co Convenio Interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de

Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, aprobado en xunta de goberno de data 28 de abril de 2023, solicito: Que en relación coa xustificación da achega económica do convenio sinalado, se permita a esta entidade, realizar xustificacións parciais das distintas actuacións enmarcadas dentro do citado convenio”.

*Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Pol aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. (...)”

Na cláusula Sexta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.



A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Sétima.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizado o 2 de maio de 2023 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

*Conclusiones.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo, que media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común) e que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a modificación solicitada polo representante do Concello de Pol nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizado o 2 de maio de 2023, que quedaría redactado no seguinte senso:

*Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente en funcións da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde en funcións do Concello de Pol, con N.I.F. P-2704600B e sede na Praza de Galicia, 1 Mosteiro, 27270, Pol, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,



*Manifestan.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 28 de abril de 2023, acordou prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023 por importe total de 386.693,97 € e ao gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 309.355,18 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, formalizouse o 2 de maio de 2023.

Terceiro.- O alcalde do concello de Pol remitiu, o 5 de xuño de 2023 (2023RT010254) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde-Presidente do Concello de Pol (Lugo), en relación co Convenio Interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, aprobado en xunta de goberno de data 28 de abril de 2023, solicito: Que en relación coa xustificación da achega económica do convenio sinalado, se permita a esta entidade, realizar xustificacións parciais das distintas actuacións enmarcadas dentro do citado convenio”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente modificación do convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula cuarta que quedaría redactada no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

a) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Pol aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas parciais.

(…)”

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 2 de maio de 2023, esta modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.



O Presidente en funcións da Deputación de Lugo  
Asinado. José Tomé Roca

O Alcalde en funcións do Concello de Pol  
Asinado. Lino Rodríguez Ónega

O Secretario Xeral  
Asinado. José Antonio Mourelle Cillero

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL DETECTADO NA PROPOSTA QUE SERVIU DE BASE PARA A APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A PONTENOVA PARA COOPERAR NA “ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN RECOLECTOR COMPACTADOR DE RESIDUOS” ANO 2023 E DO GASTO CON CARGO AO VIXENTE ORZAMENTO DO ANO 2023.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe xurídico favorable.

En relación ao asunto de referencia (expediente 2023/XEN\_01/001437) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe:

*Antecedentes de feito,*

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno, de data 12 de maio de 2023, acordouse prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Adquisición dun camión recolector compactador de residuos” ano 2023 por importe total de 200.000,00 € e o gasto por importe de 160.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O centro xestor detectou un erro material na proposta que serviu de base para a aprobación do texto do citado convenio e do gasto.

*Consideracións xurídico-administrativas,*

Primeira.-De acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Segunda.- Resultando que para proceder a aplicar o mecanismo de rectificación de erros materiais ou de feito, requírese que concorran en esencia unha serie de circunstancias a saber: que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas, transcripcións de documentos, que o erro se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo, que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas e que igualmente non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (STS 18 de xuño de 2001).

Terceira.- Tendo en conta que a competencia para decidir acerca da nulidade ou anulación se atribúe unicamente ao órgano superior da Entidade, a competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto (neste caso a Xunta de Goberno), argumentación neste senso da STS do 30 de setembro de 1986.

*Conclusións,*

Por todo o exposto, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a aprobación da corrección do erro material detectado na proposta que serviu de base para a aprobación do texto do citado convenio e do gasto por acordo da Xunta de Goberno de data 12 de maio de 2023 no seguinte senso:

Onde consta:





Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.2. O Concello de A Pontenova:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pontenova, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, a cantidade de 40.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
8. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Debe constar:

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.2. O Concello de A Pontenova:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pontenova, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, a cantidade de 40.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

8. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

En base ao anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección do erro material detectado na proposta que serviu de base para a aprobación do texto do citado convenio e do gasto por acordo da Xunta de Goberno de data 12 de maio de 2023 no seguinte senso:

Onde consta:



Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.2. O Concello de A Pontenova:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pontenova, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, a cantidade de 40.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
8. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Debe constar:

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.2. O Concello de A Pontenova:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pontenova, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, a cantidade de 40.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
8. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS**



**PÚBLICAS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR).**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal di:

“Aceptación, se procede, das axudas concedidas polo Ministerio de Política Territorial destinadas á transformación dixital e modernización das administracións públicas das entidades locais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

*Normativa aplicable.*

Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022.

Extracto da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022.

*Antecedentes.*

Primeiro.- No articulado da devandita Orde e de xeito sucinto contéplase:

Finalidade.- O artigo 1 da Orde establece que estas subvencións teñen como finalidade a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais.

As subvencións están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), instrumento de financiamento orientado aos resultados, fitos e obxectivos indicados no mesmo, que resultan vinculantes para todas as administracións públicas participantes. De maneira específica, estas bases reguladoras dítanse en desenvolvemento do Compoñente 11, Investimento 3, do mencionado PRTR.

As subvencións contempladas nesta orde destinaranse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais que se enmarquen nalgunha das liñas estratéxicas enunciadas no artigo 5.

Beneficiarios.- Entre outros beneficiarios, o artigo 3 inclúe ás deputacións provinciais de réxime común, sendo os destinatarios das actuacións que realicen, nos termos do artigo 5, os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, e de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

Obxectivos xerais.- O artigo 5.1 da Orde determina que as actuacións subvencionables terán como obxectivos de carácter xeral:

- a. Mellora da accesibilidade dos servizos públicos dixitais aos cidadáns e empresas.
- b. Redución da fenda dixital.
- c. Mellora da eficiencia e eficacia dos empregados públicos.
- d. Reutilización dos servizos e solucións dixitais construídas.
- e. Utilización activa das tecnoloxías emerxentes no despregamento de novos servizos dixitais (chatbots, automatización e robotización, plataformas, etc).

As actuacións previstas nas liñas estratéxicas coadxuvarán á consecución de todos os ámbitos recolleitos no Obxectivo 168 e no Fito 169 do PRTR.

O artigo 5.2 establece as liñas estratéxicas, obxectivos e actuacións subvencionables. As liñas estratéxicas son as seguintes:

1. Liña 1. Administración orientada ao cidadán.
2. Liña 2. Operacións intelixentes.



3. Liña 3. Goberno do dato.
4. Liña 4. Infraestruturas dixitais.
5. Liña 5. Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.

Importe da axuda.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva. A Orde asigna unha cantidade máxima de axuda por Entidade, calculada en función da poboación e que ven determinada no anexo VII. No caso da Deputación de Lugo a axuda máxima asignada é de 1.588.445,83€.

As subvencións irán destinadas a financiar os proxectos presentados ata o importe máximo que corresponde por entidade. Esgotado ese importe, se procedería á desestimación das restantes solicitudes que a entidade puidera presentar.

Con todo, segundo o artigo 9.4 no caso de que a entidade beneficiaria non presentase solicitudes polo importe máximo asignado no anexo VII, o importe non solicitado poderá ser distribuído para financiar actuacións presentadas polo resto das entidades beneficiarias que esgotasen o máximo asignado nos termos desta orde. Para ese efecto, o importe non solicitado será prorrateado a partes iguais entre as entidades que presentasen actuacións elixibles por encima do orzamento máximo asignado nesta orde, nos termos previstos na mesma e ata esgotar o importe total recollido.

O financiamento dos proxectos obxecto desta convocatoria poderase complementar coas achegas que realicen as entidades beneficiarias con cargo aos seus orzamentos.

Período de execución.- O artigo 11 establece que o período de execución do proxecto determinarase na resolución de concesión e, en todo caso, estará comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e o 31 de agosto de 2023.

Cando existan causas excepcionais que impidan a finalización do proxecto no período de execución sinalado, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do mesmo debidamente xustificada. Dita solicitude deberá realizarse antes do último mes do período de execución. A Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, observando o disposto no

artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, terá a potestade para prolongar o período de execución ou denegar as solicitudes que se puideron expor. O acordo adoptado non será susceptible de recurso.

Considerarase gasto realizado o que leve a cabo dentro do período de execución e sexa efectivamente pagado durante o mesmo.

Anticipo.- No art. 20.2 contempla un pagamento anticipado da axuda do 50% da cantidade concedida. O importe da axuda restante quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa. A xustificación deberá presentarse no prazo máximo de dous meses a contar desde a finalización do prazo para a realización do proxecto.

Segundo.- Con data 2 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno acordou a solicitude das axudas reguladas na devandita Orde, os proxectos para os que se solicitan as axudas así como o orzamento total dos mesmos que ascendía a 7.978.175,83€. Para o deseño do orzamento tívose en conta a cantidade máxima de axuda por Entidade así como o posible reparto de remanentes.

Con data 12 de decembro de 2022 formalízase a solicitude de axudas na sé electrónica do Ministerio de Política Territorial (expediente interno: 2022/XEN\_01/003482).

Con data 20 de xaneiro de 2023, previo requirimento do Ministerio, a Xunta de Goberno acorda unha emenda do escenario inicial solicitado, agrupando dous dos proxectos presentados nun só de tal xeito que se solicitan axudas para catro proxectos:

1. Proxecto 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais.

2. Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes. creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns e implantación dun sistema de automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais.

3. Proxecto 3. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisión.

4. Proxecto 4. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles.





Esta modificación non supón variación no orzamento proposto quedando o reparto segundo cadro xunto:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO ACTUACIÓNS	TOTAL PROXECTO
1	Proyecto 1. Adecuación al Esquema Nacional de Interoperabilidad (ENI) y avance de la eficiencia de los servicios básicos de la administración digital de los ayuntamientos de la provincia de Lugo a través de la integración con los principales servicios y herramientas de interoperabilidad municipales	LIÑA 5 (obligatoria) Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.	1) Integración da e-administración dos concellos cos servizos da AGE	297.000,00 €	297.000,00 €
2	Proyecto 2. Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales.	LIÑA 4 Infraestruturas dixitais	1) Implantación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos	959.435,38 €	3.175.175,83 €
			2) Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro.	332.010,45 €	
			3) Implantación dun sistema de gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo	1.883.730,00 €	
3	Proyecto 3. Democratización en el acceso a la información de las vías intermunicipales de la provincia de Lugo y sistema de apoyo a la toma de decisiones	LIÑA 3 Goberno de dato	1) Dixitalización da rede viaria, implantación dun sistema intelixente de información de tránsito viario, implantación dunha ferramenta de xestión integrada sobre a rede viaria e implantación dun cadro de mando integral para a axuda a toma de decisión sobre a rede viaria.	3.470.000,00 €	3.470.000,00 €
4	Proyecto 4. Ayuntamientos de la provincia de Lugo abiertos, transparentes y accesibles	LIÑA 1 Administración orientada ao cidadán	1) Accesibilidade web. Implantación de ferramentas que faciliten o acceso ás webs institucionais	508.000,00 €	1.036.000,00 €
			2) Transparencia orzamentaria	528.000,00 €	

En relación aos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo con datas 02.12.2022 e 20.01.2023, faise constar expresamente as seguintes cuestións:

a) Non se contempla que a entidade provincial realice achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento dos proxectos obxecto desta solicitude.

b) Os proxectos 3 e 4 solicítanse baixo a premisa establecida no artigo 9.4 da Orde reguladora das axudas, que contempla un posible reparto de remanentes de cantidades non solicitadas. Recibida a resolución favorable das axudas, de resultar beneficiaria a Deputación de Lugo cunha cantidade inferior ao custo dos mesmos, en función da cantidade asignada, valorarase nese momento renunciar á súa execución ou, de considerarse tecnicamente viable, proceder á reformulación dos proxectos 3 e 4 para adaptalos ás cantidades que no seu caso se concedan.

Terceiro.- Con data 31 de maio de 2023, dáse entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (núm. Expte.\_2023/PES\_03/012349) á Resolución ditada pola Secretaría de Estado de Política Territorial onde se resolven as devanditas axudas para todas as entidades solicitantes.

No Anexo I de dita resolución relaciónanse os proxectos para os que se outorgan as axudas reguladas na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, sendo á Deputación de Lugo unha das entidades beneficiarias polos importes e conceptos que se incorporan en cadro xunto:

NOME PROXECTO	IMPORTE MÁXIMO AXUDA	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCESIÓN PROXECTO	IMPORTE CONCESIÓN ART. 9.4	TOTAL
Adecuación al Esquema Nacional de Interoperabilidad (ENI) y avance de la eficiencia de los servicios básicos de la administración digital de los ayuntamientos de la provincia de Lugo a través de la integración con los principales servicios y herramientas de interoperabilidad municipales	1.588.445,83 €	297.000,00 €	297.000,00 €	2.143.402,15 €	3.731.847,98 €
Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales.		3.175.175,83 €	1.291.445,83 €		
Democratización en el acceso a la información de las vías intermunicipales de la provincia de Lugo y sistema de apoyo a la toma de decisiones		3.470.000,00 €	0,00 €		
Ayuntamientos de la provincia de Lugo abiertos, transparentes y accesibles		1.036.000,00 €	0,00 €		

Nesta Resolución indícase que de acordo co disposto no apartado 4.º do artigo 18 da Orde TER/836/2022, “entenderase que a entidade beneficiaria acepta todas as condicións da subvención, se esta non manifesta a súa oposición dentro do prazo de dez días desde a notificación da resolución de concesión da mesma”

Cuarto.- Con data 5 de xuño do 2023, ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo escrito da Secretaría de Estado de Política Territorial que se incorpora a este expediente onde se acorda estender o período de execución dos proxectos incluídos no Anexo I da Resolución mencionada no punto anterior nos seguintes termos:

“Estender o período de execución dos proxectos incluídos no anexo I da Resolución do 31 de maio de 2023 da Secretaría de Estado de Política Territorial pola que se conceden subvencións



destinadas á transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais, ata a data do 31 de decembro de 2023”.

Considerando a subvención concedida a esta entidade por un importe total de tres millóns, setecentos trinta e un mil, oitocentos corenta e sete con noventa e oito euros (3.731.847,98 €), informáse sobre a necesidade de realizar a consignación orzamentaria oportuna para continuar co procedemento de aceptación da axuda ante a Xunta de Goberno en funcións e iniciar as demais actuacións administrativas que sexan precisas para proceder á reformulación dos proxectos presentados a esta convocatoria ou de ser o caso, á renuncia na execución dalgún dos mesmos, co obxecto de adaptalos á cantidade finalmente concedida (3.731.847,98 €) e así procurar a correcta execución da totalidade da axuda outorgada. Indicar a este respecto que non se contempla que a entidade provincial realice achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento dos proxectos para os que se solicitou a axuda.”

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, fórmulase á Xunta de Goberno en funcións a seguinte proposta de acordo:

**1º.-** Aceptar a subvención do Ministerio de Política Territorial, por importe de tres millóns, setecentos trinta e un mil, oitocentos corenta e sete con noventa e oito euros (3.731.847,98 €), destinada á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**2º.-** Iniciar as demais actuacións administrativas que sexan precisas para proceder á reformulación dos proxectos presentados a esta convocatoria ou de ser o caso, á renuncia na execución dalgún dos mesmos, co obxecto de adaptalos á cantidade finalmente concedida (3.731.847,98 €) e así procurar a correcta execución da totalidade da axuda outorgada. Non se contempla que a Entidade Provincial realice achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento dos proxectos para os que se solicitou a axuda.

3º.- Designar ás persoas que ostentan a titularidade de Adxunto á Xefatura de Servizo do Servizo de Comunicación e TICs e da Xefatura de Sección de Innovación e Participación Cidadá para operar como responsables autorizados na execución da subvención tanto na operativa interna desta Entidade como ante as Entidades Executoras externas dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 29 de xullo de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 052 do 05 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Clube balonman Viveiro	Torneo de balonman	422,00 euros



## 9.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

### **Primeiro.-** *Conta e cumprimento da Sentenza nº16/2023.*

Dase conta da sentenza nº 16/2023, de 28 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 240/2022, seguido a instancia de Generali S.A. de Seguros y Reaseguros fronte á resolución desestimatoria en materia de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na estrada LU-P-5506, e en cuxo fallo di o seguinte: “*Que debo estimar y estimo parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de Generali S.A. de Seguros y Reaseguros frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, con intervención de Mapfre España S.A. de Seguros, seguido como proceso abreviado número 240/2022, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la anulo por ser contraria al ordenamiento jurídico; y condeno a la Diputación Provincial de Lugo a abonar a la demandante la cantidad de 20.211,07 euros, más los intereses legales*”. A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes dar cumprimento á citada Sentenza, e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquía do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.

**Segundo.-** *Dación de conta da resolución da Presidencia, pola que por avocación se aproba o Convenio canalizador da subvención a favor do Centro recreativo cultural y deportivo de Baamonde.*

Dase conta da resolución da Presidencia de 26 de maio de 2023, pola que por avocación de competencias, se aproba o convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Centro recreativo cultural y deportivo de Baamonde, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación de “Reparación da cuberta do muiño CERCUD Baamonde” polo importe de 49.974,51 euros.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**Terceiro.-** *Dación de conta da resolución da Presidencia, pola que por avocación se aproba o Convenio canalizador da subvención a favor da Comunidade vecinal do monte en mano común Farelo.*

Dase conta da resolución da Presidencia de 26 de maio de 2023, pola que por avocación de competencias, se aproba o convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Comunidade vecinal do monte en mano común Farelo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación de “Mellora e acondicionamento das pistas de Chaos e Carballós no municipio de Antas de Ulla” polo importe de 21.000 euros.

A Xunta de Goberno queda enterada.

#### **10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente en funcións levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.